



A FGC VEN DE PRESENTAR ALEGACIÓNS AO BORRADOR DA LEI DE INCENDIOS

A Federación Galega de Caza ven de presentar alegacións aos artigos relacionados coa actividade cinexética do borrador da Lei de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais.

Desde a Federación enténdese que tras un incendio forestal determinadas actividades teñan limitacións para favorecer a recuperación do terreo, neste momento esas limitacións nalgún caso van máis aló desa razoable recuperación e convértese en castigo a colectivos. No anteproxecto ao que nos referimos esa situación permanece, posto que a caza queda prohibida durante tres anos despois dun incendio. Os cazadores galegos comparten as limitacións tendentes á recuperación do terreo, entenden que na maior parte dos casos abundaría cun ano e noutros non serían suficientes nin os tres que prevé o anteproxecto. A proposta do ente federativo vai na dirección de que a prohibición de cazar quede limitada a un ano con posibilidade de chegar a tres, se a Administración Forestal e Medio Ambiental así o acordan en función dos seus informes sobre a recuperación dun territorio concreto. Para a FGC, non é razoable que nese tempo non se poidan realizar accións tendentes á recuperación das especies, como tamén recolle o anteproxecto. Esta necesidade de recuperación das especies foi comprobada o pasado verán trala ollada de incendios, e así, a propia Consellería de Medio Ambiente habilitou axudas para esa recuperación de hábitat e especies nos terreos queimados; en todo caso as repoboacións, de acordo coa lexislación vixente, sempre deben contar coa aprobación previa da Administración Autónoma.

Os prazos longos da prohibición da caza máis ben poden producir efectos contrarios ao que se quere conseguir. Calquera medida que prexudique a persoas ou colectivos non implicados co incendio pode ser usada por quen teña intereses contrarios a eles.

Noutra orde de cousas, e no referido á prohibición de practica-la caza en zoas de especial risco, a FGC entende que a presenza de persoas no monte exercendo as súas actividades de xeito responsable pode contribuír á prevención do lume e dende logo fan máis difícil a impunidade dos incendiarios.

En base ao anteriormente exposto, a Federación Galega de Caza aportou as seguintes suxerencias á modificación do borrador da Lei de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais:

O artigo 32 prevé a restricción de acceso ás zoas determinadas de alto risco, así como outras áreas forestais. O artigo 33 establece determinadas excepcións a esta prohibición, e así o **33.2.d.** prevé unha excepción para *“os predios rústicos sometidos a réxime forestal para efectos de policía e fiscalización da caza, en virtude e por forza da súa submisión ao réxime cinexético especial, cando non estean incluídos nas zoas de especial risco”*. A redacción proposta pola FGC sería a seguinte *“Os predios rústicos para a xestión e aproveitamento cinexético de acordo coa regulación específica sobre a materia”*.

O artigo 46 do borrador, referido ás limitacións á actividade cinexética, dí o seguinte *“os aproveitamentos e a repoboación cinexética en terreos queimados quedan prohibidos durante un período de tres anos desde a data do lume, agás autorización expresa da Dirección Xeral competente en materia cinexética, logo de informe favorable da Consellería competente en materia forestal”*. A FGC ven de propor a seguinte redacción *“A caza queda prohibida en terreos queimados durante un ano desde a data do lume. Este período poderá prorrogarse ate os tres anos se así o acordan as Consellerías competentes en materia cinexética e forestal en base aos informes sobre a recuperación do terreo”*.

Referente ao capítulo de sancións, presentábanse tamén alegacións que recollen as diferencias de criterio dos artigos anteriores.

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com